"Ler é soñar da man de outra persoa"

Fernando Pessoa




# LECTURAS PARA NADAL

## RECOMENDACIÓNS PARA ADULTOS

### A nena do abrigo de astracán

Xabier P. Docampo. Editorial Xerais




A vila de Ribadaínsua é narradora e protagonista dos acontecementos dramáticos dos últimos meses de 1947, que algúns quixeron agochar, para amosar aos seus habitantes como aniñara o mal entre eles e como os abranguera dunha forma asfixiante. Don Amancio, o crego que todo o controla; Agustina, a muller que pretende trazar o destino dos que a rodean; Isidoro, o alfaiate mártir; Engracia, Xaquina ou Paulina, mulleres afoutas que se queren donas da súa propia vida... son algúns dos personaxes centrais desta novela de vidas esquecidas. Mais no medio de todos eles, emerxe Susana, a nena que observa e sofre a realidade que lle irá abrindo os ollos nunha perda dramática da inocencia infantil. As sesións no cinema de Ribadaínsua serán camiño de coñecemento do mundo real que se lle oculta. Ten o cinema pola cousa máis fermosa e importante da súa vida, o que lle di como é o mundo de verdade, o que está alén de Ribadaínsua.

### 4 3 2 1

Paul Auster. Editorial Seix Barral

El único hecho inmutable en la vida de Ferguson es que nació el 3 de marzo de 1947 en Newark, Nueva Jersey. A partir de ese momento, varios caminos se abrirán ante él y le llevarán a vivir cuatro vidas completamente distintas, a crecer y a explorar de formas diferentes el amor, la amistad, la familia, el arte, la política e incluso la muerte, con algunos de los acontecimientos que han marcado la segunda mitad del siglo XX americano como telón de fondo.

¿Y si hubieras tomado un camino diferente en un momento crucial de tu vida? Paul Auster explora de forma magistral los límites del azar y las consecuencias de nuestras decisiones. Porque todo suceso, por mínimo que parezca, abre unos caminos y cierra otros.




## RECOMENDACIÓNS PARA 1º CICLO ESO

### Esmeraldina a pequena defunta

Ledicia Costas. Editorial Xerais




O Hotel Fantastique está no medio do Salvaxe Oeste. Nas súas cociñas a pequena Esmeraldina é feliz, aprendendo todos os trucos culinarios da man da súa avoa A Tremenda, unha chef de sona mundial. A vida avanza entre pucheiros ata que un andazo de febre escarlatina acaba coa vida da nena. A noticia da súa morte corre como a pólvora entre os habitantes do alén, e empezan a chegar ao hotel defuntos de todas as procedencias, dispostos a instalarse. Esmeraldina necesita aprender a ser unha pantasma de verdade. Para iso contará coa axuda de Lady Horreur, unha peculiar araña francesa que se converterá na mellor mestra e amiga, e Nicotina, unha vaqueira que teima en levala ao seu novo fogar: o Alén Mundo. O Libro de Receitas da Tremenda acompaña esta historia de medo e humor macabro, converténdoa no petisco perfecto para degustar antes ou despois de ler Escarlatina, a cociñeira defunta.

### Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes

Elena Favilli y Francesca Cavallo. Editorial Destino

Todas las niñas deberían crecer pensando que pueden llegar a ser lo que ellas quieran.

Había una vez una princesa... ¿una princesa? ¡¿Qué?! Había una vez niña que quería llegar hasta Marte. Érase una vez una mujer que se convirtió en una de las mejores tenistas del mundo y otra que descubrió cómo se da la metamorfosis de las mariposas. De Frida Kalo a Jane Goodall, de Coco Chanel a Nina Simone, de las hermanas Bronte a Marie Curie este libro narra las extraordinarias vidas de 100 mujeres valientes y, además, cuenta con las ilustraciones de 60 artistas de todo el mundo. Científicas, astronautas, levantadoras de pesas, juezas, chefs... cien ejemplos de determinación y audacia para las que sueñan en grande.



Bibliotecas escolares de Galicia

# RECOMENDACIÓNS PARA 2º CICLO ESO



## E Xoel aprendeu a voar

### Marica Campo. Editorial OQUELEO




Un rapaz de 13 anos, Xoel, que apenas ten vida fóra da PSP e da Rede.

Paco e Carme, uns pais demasiado atarefados. Eunice, a moza pola que suspira. Fábio, Daniel e Sara, os outros amigos de andainas de Xoel. Don Santiago, o avó que vive os remorsos dunha gran mentira. Estes e outros personaxes ao servizo dunha novela que mantén a intriga ata o final.

A confrontación coa realidade para descubrir que a vida é un voo en que debemos elixir entre caer pola inercia ou bater as ás.

## El secreto de Marrowbone

### Sergio G. Sánchez. Editorial Alfaguara

Cuatro hermanos se acaban de quedar huérfanos. Tras la muerte de su madre urden un plan para escapar juntos y evitar que los separen. Se refugiarán en una granja abandonada en medio del bosque. Los huérfanos escriben y pintan en un cuaderno otra realidad que les aleje de sus miserias, pero empiezan a experimentar sucesos extraños. La ruinosa granja esconde un secreto. Hay algo que acecha, observa y se oculta entre las sombras, mientras los hermanos intentan volver a la normalidad. ¿Conseguirán mantenerse unidos? ¿Será demasiado tarde para escapar?




# RECOMENDACIÓNS PARA BACHARELATO

## A arte de trobar

### Santiago Lopo. Editorial Xerais




No século XIII, unha "troupe" de artistas itinerantes procedentes de Galicia percorre os reinos do Camiño de Santiago. É un momento de cambio político, cultural e lingüístico nunha Europa inmersa en cruentas loitas de poder. As persecucións relixiosas e as ansias expansionistas coinciden co auxe das cantigas galego-portuguesas e co declive da lírica provenzal. Un códice oculto, a Inquisición, a herexía cátara e os segredos da alquimia uniranse ás cantigas medievais para conformar unha engaiolante trama nunha novela con grandes doses de intriga."A arte de trobar" é unha novela luminosa, escrita con felicidade e coñecemento, que non renuncia ao humor. Configurada a partir de capítulos curtos, é capaz de integrar unha trama implacable coa tradición máis notable de versos en galego e occitano. Documentada con rigor, e dotada dun ritmo moi áxil, "A arte de trobar" constitúe un vibrante fresco desta nosa historia, que se escribiu en folla de pergamiño e con pluma de ave, á beira do mar.

## Morir en primavera

### Ralf Rothmann. Editorial Libros del Asteroide

Rothmann rememora o final da segunda guerra mundial, en febreiro de 1945, cando o exército alemán está a piques de sucumbir ante a ofensiva aliada. Os estragos da guerra son visibles en todo o país. Walter e Friedrich, dous amigos de dezasete anos que traballan nunha vaquería, cren que nunca serán chamados a filas e trazan plans para o futuro. Con todo, acabarán sendo recrutados polas tropas nazis e asistirán ao caos provocado pola desbandada do exército alemán. Aclamada como unha das obras máis importantes da ficción contemporánea alemá, Morrer en primavera é unha emocionante novela na que a inocencia e a culpa, a liberdade e o destino, a amizade e o deber, son conxurados nun estilo limpo e contido.

